

FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA

DÍA MUNDIAL 2022

...E LEMBRATE DO ALZHEIMER

21 DE SETEMBRO



FAGAL
FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA

**RÚA REPÚBLICA CHECA 52, 15707 SANTIAGO DE
COMPOSTELA**



www.fagal.org



fagal@fagal.org



981595121

ATÓPANOS TAMÉN EN :



SUMARIO

CONTEXTO.....	2
VI ANDAINA SOLIDARIA.....	3
EVENTO GASTRONÓMICO.....	5
CAMPAÑA DE PARTICIPACIÓN EN REDES SOCIAIS: #ALZHEIMERHOXE.....	6
VIDEO PROMOCIONAL DÍA MUNDIAL ALZHEIMER 2022 - '... É LEMBRATE DO ALZHEIMER'.....	7

CONTEXTO

A Federación Alzheimer Galicia pon en marcha a campaña do Día Mundial do Alzheimer 2022 baixo o lema "*...É lembrátese do alzheimer*" unha frase que recolle a necesidade de que o urxente non reste tempo nin espazo o importante.

O contexto no que vivimos é unha sociedade cada vez máis frenética, efervescente e rápida, na que o exceso de información e os recentes acontecementos fan que deixemos de mirar cara as cousas importantes. Nese tempo que descoidamos de mirar cara o alzheimer hay unha persoa máis en cada rincón do mundo tendo o seu primeiro "despiste", olvidando o nome dos seus fillos ou enfrentándose ó diagnóstico. Momentos e persoas que debemos recordar e manter na memoria para que algún día deixemos de dicir que a prevalencia da enfermidade aumenta cada ano.

Ante esta realidade as entidades que traballamos en prol das persoas con alzheimer e as súas familias podemos facer tres cousas fundamentais, entre outras: mellorar a súa calidade de vida, informar e asesorar e visibilizar a enfermidade e as demandas do colectivo.

"...É lembrátese do alzheimer" é unha campaña que pretende sensibilizar ás administracións públicas e ás persoas en xeral de que a única forma de preservar a memoria destas persoas o maior tempo posible é lembrarse dela. Tela como prioridade sanitaria, investir, investigar e actuar.

Neste ano 2022 a Federación e as 15 asociacións membro desenvolven unha serie de actividades que se recollen a continuación e que van encamiñadas a conmemorar o Día Mundial do Alzheimer.

IV ANDAINA SOLIDARIA

Neste ano 2022 retomamos a Andaina Solidaria como acto principal da campaña. Un encontro interxeracional no que participan familias, nenos e nenas, persoas coidadoras, traballadoras e poboación en xeral no que se comparten experiencias recorrendo o último tramo do Camiño de Santiago pasando pola Praza do Obradoiro e rematando no parque de Bonaval, xunto a árbore da Memoria, espazo inaugurado no parque de Bonaval no ano 2016.

O obxectivo que ten a Andaina é sensibilizar e visibilizar a enfermidade de Alzheimer.

A andaina remata cunha comida para as persoas participantes, familiares e asociacións.

CANDO?

O 10 de setembro de 2022 ás 10h

ONDE?

Saída Monte do Gozo - Praza do Obradoiro - Parque de Bonaval.

DESENVOLVEMENTO

10:00h - Recollida acreditacións. Monte do Gozo (cerca da capela)

10:30h - Inauguración andaina (autoridades, prensa e presidencia)

11:00h - Comezo da andaina

12:00h - Chegada a Praza do Obradoiro . Recepción alcalde Santiago

12:30h - Saída da Praza do Obradoiro ata o Parque de Bonaval (árbore da memoria)

13:00h - Acto árbore da memoria

14:00h - Xantar

EVENTO GASTRONÓMICO: "RECETAS PARA EL RECUERDO"

Este evento gastronómico consistirá nunha mostra da nova cociña tradicional galega elaborada por persoas con demencia (en fase leve) acompañadas por un cociñeiro ou cociñeira de alto prestixio (Pepe Solla e Lucía Freitas) e estudantes de Hostalería quen plasmarán as receitas coñecidas por estas mulleres en pratos actuais que poderían ser servidos en calquera dos seus restaurantes Estrella Michelin.

Estas recetas estarán absadas no libro de "Recetas para el Recuerdo" elaborado grazas a Azafranes Pote.

Esta actividade de carácter interxeracional, tamén pretende resaltar o papel fundamental da muller na cultura e tradición galega, o mesmo tempo de mostrar a riqueza de realizar actividades interxeracionais entre maiores e mozos.

CANDO?

O 30 de setembro de 2022 ás 12:00 h

ONDE?

Praza de Abastos de Santiago de Compostela

DESENVOLVEMENTO

12:00h - Presentación actividade. Agradecementos

12:30h - Preparación dos pratos

13:45h - Presentación dos pratos

14:00h - Degustación

O horario da actividade pode sufrir pequenas variacións

COMUNICACIÓN: #ELEMBRATEDOALZHEIMER

ACTIVIDADES

1. Vídeo sensibilización:

2. Campaña en redes sociales:

Coma todos os anos, durante o mes de setembro, promoverase a participación de toda a sociedade na loita contra o alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas. Para este ano, e tendo en conta todos os acontecementos que están a suceder a nivel tanto nacional como internacional, non podemos deixar que as persoas cunha demencia e as persoas coidadoras pasen a segundo plano. Deste xeito, desde as redes sociais e promovido por un vídeo de sensibilización, fomentarase a participación de todas as persoas a través da publicación dunha fotografía, desde diferentes puntos de Galicia onde se mostre o seu patrimonio natural e cultural á vez que lembrándose do alzhéimer. A idea é que a través das actividades da vida cotiá, e estas onde estas te lembres do valor cultural de Galicia á vez que das persoas con demencia e poidas sacar unha fotografía onde se mostre a forma de lembralo.

Para dar maior visibilidade ás publicacións utilizaranse os seguinte hashtags #elembratedoalzheimer.

EXEMPLOS:



COMUNICACIÓN: #ELEMBRATEDOALZHEIMER

As fotos participantes entrarán nun sorteo de un lote de produtos de merchandising do Día Mundial 2022 xunto cun exemplar do libro "Recetas para el Recuerdo".

3. Difusión en medios de comunicación:

- Notas de prensa
- Envío de carteles a Concellos para que os proxecten nas pantallas das cidades e vilas.

GRAZAS



FAGAL
FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA